

RESOLUCIÓN

CONVOCATORIA

EXERCICIOS FASE OPOSICIÓN CONCURSO OPOSICIÓN DÚAS PRAZAS ARQUITECTO

En data 08.11.2022 esta Vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo ditou Resolución relativa o listado definitivo de aspirantes admitidos e excluídos no concurso-oposición libre para estabilización de emprego temporal e ingreso en dúas prazas de Arquitecto superior, pertencentes á escala de Administración Especial, subescala Técnica, clase Superior, grupo A, subgrupo A1 incursas no suposto do artigo 2.1. da Lei 20/2021, de 28 de decembro.

A Base SEXTA do proceso de selección determina os exercicios da fase de oposición: (dous supostos prácticos a desenvolver nun prazo máximo de tres horas e proba de coñecemento do idioma galego para aqueles aspirantes que non teñen acreditada a posesión do título CELGA 4 ou equivalente homologado).

Aos efectos da realización dos exercicios mencionados resolvo:

PRIMEIRO. Convocar aos aspirantes admitidos para a realización dos exercicios da fase de oposición para o día **17 de novembro ás 11.00 horas** nunha das Aulas do 5º andar do **Auditorio “Mar de Vigo”** localizado na rúa Beiramar nº 56 da Cidade de Vigo.

Os aspirantes poderán facer uso dos textos legais dos que acudan provistos; non se permite o manexo de textos comentados nin libros de formularios así como de dispositivos dixitais.

SEGUNDO. Publicar a presente Resolución no Taboleiro Electrónico da Sede Electrónica do Concello de Vigo.

Data e sinatura dixital

A Vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo
María José Caride Estévez

